



# CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

## CONCELLO DE CAMARIÑAS

### SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL

**DATA PUBLICACIÓN NO TABOLEIRO DE ANUNCIOS: 29/07/2019**

**PB - CONVÓCANSE AS PROBAS SELECTIVAS, PARA A CONTRATACIÓN LABORAL MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE TRES PEÓNS DA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE CAMARIÑAS, BRIGADA QUE SE CREA AO ABEIRO DO "CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ENTIDADE LOCAL DE CAMARIÑAS PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DURANTE O ANO 2019 COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014-2020", CUXAS BASES FORON APROBADAS POR DECRETO DA ALCALDÍA DE DATA 29/07/2019, AS CALES SE TRANSCRIBEN A CONTINUACIÓN:**

**"BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE TRES PEÓNS DA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE CAMARIÑAS, BRIGADA QUE SE CREA AO ABEIRO DO "CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ENTIDADE LOCAL DE CAMARIÑAS PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DURANTE O ANO 2019 COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014-2020".**

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

É obxecto da presente convocatoria a regulación da contratación mediante concurso-oposición, de tres peóns da brigada de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Camariñas, brigada que se crea ao abeiro do "Convenio interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Camariñas para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2019 cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020".

As funcións/misións dos/as peóns serán, ademais doutras que se deriven do propio convenio de colaboración antes citado as seguintes:

- Coñecemento básico da loita contra incendios forestais.
- Coñecemento xeral dos medios que usa a Brigada.
- Coñecemento e práctica das especialidades elementais (mochilas de extinción, retardantes, motoserra, desbrozadora, tendido de mangueras, ...).
- Ocuparase de levar a cabo as obras de construción, mellora e mantemento de infraestruturas da defensa contra incendios.
- Segundo as necesidades do servizo, en ausencia do/da Peón/a Conductor/a e o/a Xefe/a de Brigada e con autorización do Servizo de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais poderá conducir os vehículos dedicados ao transporte das brigadas e materiais do servizo.
- Utilizará a maquinaria e apeiros de manexo manual propio das tarefas encomendadas de defensa contra incendios.



## CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

- Auxiliará ao/á Conductor/a de motobomba se fora necesario.
- En todo caso obedecerá as ordes do/da Xefe/a de Brigada e da superioridade competente.
- Observará e cumprirá as normas de seguridade e prevención de riscos laborais.
- Participará na execución de queimas controladas. Todas aquelas outras relacionadas coa prevención, detección e extinción de incendios forestais.
- Realizará os labores silvícolas e medio ambientais encomendados.

### **SEGUNDA.- MODALIDADE CONTRACTUAL, DURACIÓN E RETRIBUCIÓN.**

A modalidade de contrato é a regulada polo art. 15.1 a) Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, é dicir contrato de traballo de duración de terminada (obra ou servizo determinado) e a xornada completa para desenvolver as funcións as que se refire a base anterior.

A duración do contrato será o tempo preciso para o desenvolvemento e execución do convenio que se recolle na base primeira, en todo caso a contratación non terá unha duración superior a tres meses.

A presente contratación realizase e queda vinculada ao convenio de colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Camariñas para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de medios de prevención e defensa.

O horario quendas de traballo será fixado de acordo coas necesidades do servizo e sempre tendo en conta que deben de desenvolverse e executarse as actuacións ás que se refire a base primeira e o convenio.

Fíxase unha retribución bruta mensual de 1.115,29 € (salario base 879,30 €, plus de perigosidade 89,44 e parte proporcional de pagas extras (devengo semestral) 146,55 €).

### **TERCEIRA.- CONDICIÓN DOS ASPIRANTES.**

Para poder participar na selección, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

A) Ser cidadán español, sen prexuízo do establecido no art. 57. 4 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba on texto refundido da Lei do Estatuto do empregado público en canto resulte de aplicación e nos termos establecidos.

B) Ter cumpridos 18 anos de idade e non exceder no seu caso da idade máxima de xubilación forzosa.

C) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

D) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida ou sexa incompatible co normal desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opta.

Os anteriores requisitos deberanse posuír con referencia ó derradeiro día do prazo de presentación de solicitudes e gozar dos mesmos durante o proceso selectivo.



## CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

Será nulo a contratación dos que estean incursos en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

### **CUARTA. - PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**

1.- As solicitudes presentaranse en modelo oficial que se achega como anexo ás bases, dirixidas á Alcaldía, presentaranse no Rexistro Xeral das oficina municipais en horario de oficina ou no Rexistro telemático (sede electrónica), durante o prazo de **5 días hábiles**, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no taboleiro de anuncios do Concello, esta se anunciará a título meramente informativo na sede electrónica do Concello de Camariñas (sinalándose a data de publicación no taboleiro de anuncios do Concello). Ademais as instancias tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, neste caso os aspirantes deberán comunicalo mediante fax ao número: 981736319 ou ao correo electrónico: [correo@camarinas.net](mailto:correo@camarinas.net), achegando copia da solicitude rexistrada.

2.- Ás solicitudes deberán presentarse acompañadas de fotocopia compulsada ou orixinal da seguinte documentación:

- Documento nacional de identidade.
- Declaración responsable do interesado na que faga constar que reúne as condicións físicas e sanitarias necesarias e suficientes para a realización dos exercicios físicos que figuran especificados na correspondente proba da oposición (segundo modelo, Anexo II).
- Relación de méritos que alega e documentación acreditativa dos mesmos de conformidade co establecido na base sétima.

3.- Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fagan constar nas súas solicitudes, podendo demandar a súa modificación mediante escrito motivado, dentro do prazo establecido no punto 1 desta base para a presentación de solicitudes, transcorrido o cal non se admitirá ningunha petición desta natureza.

### **QUINTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.**

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución, dentro dos cinco días hábiles seguintes, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos, indicando os motivos da exclusión no caso de que os houberse. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, tamén se anunciará a título meramente informativo na sede electrónica do Concello de Camariñas (sinalándose nesta a data de publicación no taboleiro de anuncios).

No caso de que as solicitudes non deran lugar á subsanación a resolución do Alcalde aprobará xa a lista definitiva de aspirantes admitidos.

Os aspirantes excluídos, así como os omitidos na relación de admitidos ou excluídos disporán dun prazo de 3 días hábiles contados a partires do seguinte ao da publicación da resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello, tamén se anunciará a título meramente informativo na sede electrónica do Concello de Camariñas (sinalándose nesta a data de publicación no taboleiro de anuncios), para subsanar os defectos que motivaran a súa exclusión ou a súa omisión das relacións de admitidos e excluídos. Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non subsanasen a exclusión ou non alegasen á omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos do procedemento.



## CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

Transcorrido o prazo sinalado no punto anterior, o Alcalde ditará resolución na que se aprobará a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, así como a resolución das solicitudes de abstención ou recusación dos membros do tribunal e o lugar, data e hora do comezo do proceso de selección. Resolución que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello, tamén se anunciará a título meramente informativo na sede electrónica do Concello de Camariñas (sinalándose nesta a data de publicación no taboleiro de anuncios).

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñece aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca mediante a correspondente resolución. Se nun momento posterior se desprende que non se posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos.

### **SEXTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.**

1.- O Tribunal Cualificador estará integrado do seguinte xeito:

Presidente: Un empregado/a público/a a designar pola Alcaldía (titular e suplente).

Vogais: Tres empregados/as públicos/as a designar pola Alcaldía (titulares e suplentes).

Secretario/a: Un empregado/a público/a a designar pola Alcaldía, que actuará con voz e sen voto (titular e suplente).

A designación concreta dos membros do tribunal se efectuará e fará pública antes de rematar o prazo de presentación de instancias.

2.- Os membros do Tribunal estarán suxeitos aos supostos de abstención e recusación previstos nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, non podendo ser nomeados membros, colaboradores ou asesores do tribunal os que realizasen tarefas de preparación de aspirantes para probas selectivas para acceso á función pública nos cinco anos derradeiros á publicación desta convocatoria.

3.- O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de aló menos tres dos seus membros. En todo caso será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario.

4.- O Tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, e estes limitaranse unicamente ó exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás cales colaborarán co órgano de selección.

5.- O Tribunal cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e toma-los acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

### **SÉTIMA.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.**

A selección dos aspirantes efectuarase polo sistema de concurso- oposición de acordo co seguinte detalle:

#### **A FASE DE CONCURSO:**

A fase de concurso, que non terá carácter eliminatorio, será a primeira obxecto de valoración. En todo caso a puntuación obtida nesta fase non poderá aplicarse para superar os exercicios da fase de oposición.



## CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

Constituído o Tribunal, este reunirse na sesión ou sesións non públicas que sexan necesarias para os efectos de valorar os méritos alegados e debidamente acreditados polas persoas aspirantes admitidas. O resultado da valoración farase público, mediante a súa exposición no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na sede electrónica, con anterioridade á realización do primeiro exercicio da fase de oposición.

Deberá estarse en posesión dos méritos alegados, como máximo, na data de expiración do prazo concedido para a presentación de instancias.

O Tribunal, en ningún caso, poderá valorar o non achegado e probado polos e polas aspirantes na documentación aportada coa instancia, sen que sexa admisible a concesión de prazo ningún para emendas ou subsanacións con posterioridade ao día de remate do prazo de presentación daquela.

A puntuación máxima total do concurso establécese en dous (2) puntos: experiencia profesional.

Por servizos prestados no sector público ou na empresa privada en postos de igual ou similar categoría e no que se desenvolveran tarefas ou funcións propias da brigada de prevención e defensa contra incendios forestais: 0,10 puntos/mes.

Non se computarán servizos prestados por tempo inferior a un mes e os meses consideraranse de 30 días naturais. Asemade non se computarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados e a puntuación reducirase proporcionalmente polos prestados a tempo parcial.

Forma de acreditar os méritos alegados:

Deberase presentar a seguinte documentación orixinal ou copia compulsada:

A) Servizos prestado como funcionario:

1.- Certificación de servizos prestados expedida pola administración correspondente na que se fará constar, como mínimo, o nome do posto de traballo ocupado, as tarefas desenvoltas, o tipo de relación (funcionario de carreira, interino ou en prácticas), escala, subescala, grupo, corpo, porcentaxe de xornada de traballo e datas de toma de posesión e cese.

2.- Informe de vida laboral expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

B) Servizos prestados en virtude de contrato de traballo/contrato laboral:

1.- Informe de vida laboral expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

2.- Contrato de traballo.

3.- Certificación da empresa sobre as tarefas desenvoltas.

### **A FASE DE OPOSICIÓN:**

Os aspirantes deberán acudir ás probas nas horas e datas dos respectivos chamamentos, sen posibilidade de aprazamento calquera que fose a causa que lles impedira acudir, salvo os casos debidamente xustificados que serán libremente apreciados polo tribunal. Os aspirantes deben acreditar a súa personalidade coa exhibición do DNI, pasaporte ou carné de conducir.

A actuación dos aspirantes no exercicio levarase a cabo por orde alfabética, empezando por aqueles que teñan como inicial do primeiro apelido a letra "Q", conforme ao sorteo que realizou a Consellería de Facenda para o ano 2019, (DOG nº 19, de data 5 de febreiro de 2019).



## CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

Unha vez comezadas as probas selectivas o lugar, día e hora da celebración dos sucesivos exercicios se fará pública mediante a inserción dun anuncio no taboleiro de anuncios do Concello e opcionalmente a título informativo na sede electrónica do Concello de Camariñas.

Na medida que sexa posible as probas de oposición se realizarán o mesmo día.

As cualificacións de cada exercicio faranse públicas o mesmo día en que se acorden e serán expostas no Taboleiro de anuncios do Concello.

### **EXERCICIOS DA FASE DE OPOSICIÓN:**

#### **1- Proba de aptitude física: Cualificarase como apto/non apto, sendo eliminatoria.**

Proba de aptitude física; proba de banco; empregárase un banco de 40 cm. de altura para homes e 33 cm. para as mulleres, nas que se baixará e subirá a razón de 90 movementos por minuto (22,5 veces/minuto) durante un período de 5 minutos. O ritmo será marcado cun metrónomo. Unha vez finalizado ese tempo a persoa que teña realizado o exercicio repousará quince segundos e unha vez finalizados tomaráselle as pulsacións (no pulso ou no pescozo, contando as pulsacións durante outros 15 segundos). A proba será realizada nun local tranquilo, sendo necesario unha báscula para obter o peso dos candidatos. Cos datos de idade, peso e pulsacións, verificarase nas táboas (*que figuran en anexo.*) que acompañan a capacidade aeróbica. Si a capacidade aeróbica é inferior a 40 non será apto para a extinción de incendios forestais.

**2-Proba práctica: máximo 8 puntos.** Proba práctica cunha puntuación ata 8 puntos. Consistirá en realizar unha proba de organización de brigada para partir como operativo diante dunha situación de aviso de lume e/ou outra de manexo de maquinaria e medios propios de actuación da brigada. Para superar o exercicio os aspirantes deberán de obter unha puntuación igual ou superior a 4,00 puntos.

### **DESEMPATE**

No suposto de empate a puntos entre dous ou máis candidatos/as o mesmo resolverase dando preferencia ao que teña maior experiencia profesional e de persistir o empate por sorteo.

### **OITAVA.-RELACIÓN INICIAL DE SELECCIONADOS E EXAMEN MÉDICO.**

1.-Rematada a cualificación dos aspirantes o Tribunal formará a relación inicial de seleccionado/s pola orde de puntuación final obtida, non podendo rebasar este/s o número de praza/s convocada/s e faraa pública no Taboleiro de Anuncios do Concello tamén se anunciará a título meramente informativo na sede electrónica do Concello de Camariñas (sinalándose nesta a data de publicación no taboleiro de anuncios).

2.- De acordo coa relación, elevarase a Alcaldía, ademais da acta da sesión, a proposta de selección inicial.

3.- Os aspirantes proposto/s e/ou seleccionado/s inicialmente polo tribunal deberá/n superar un exame médico que verifique a súa capacidade funcional para o desempeño do posto de traballo. O resultado será apto ou non apto. Se o seleccionado/s inicialmente non supera/n o exame médico quedará/n eliminado/s, correndo a lista ao seguinte/s con máis puntuación, que tamén deberán superar o exame médico.

4.-Na acta final do tribunal cualificador deberá incluírse unha relación por orde decrecente de puntuación do/s aspirante/s que non fora/n incluído/s na relación inicial de seleccionado/s (só se incluírá ao/s que teña/n superado a fase de oposición), co fin de



## CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

que, no caso de que as persoa/s seleccionada/s non reunise/n os requisitos necesarios para a contratación poderá/n ser substituída/s pola/s seguinte/s da relación do proceso selectivo, situación que sucederá igual no caso de non superar o exame médico, de ser necesario cubrir algunha praza por razóns de baixa, enfermidade, etc., utilizando para iso a modalidade de contratación laboral apropiada para cada caso. Debendo neste/s caso/s os citados aspirantes superar o citado exame médico.

Cando un dos aspirantes incluídos na lista fose chamado para ocupar un posto, ao rematar o período de contratación recuperará o seu lugar inicial na mesma, de xeito que poderá ser chamado para unha nova contratación.

### **NOVENA.-PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN**

1.- O/s aspirante/s que teña/n superado o exame médico presentará/n no rexistro xeral do Concello, no prazo de **3 días hábiles**, contados a partir do requirimento que se efectúe, os documentos seguintes:

- a.- Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, de ningunha administración pública nin acharse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- b.- Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.
- c.- Declaración xurada de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobor da materia.

2.- A non presentación dentro do prazo fixado da documentación sinalada na presente base, agás nos casos de forza maior, ou cando da presentación dos documentos se desprenda o non cumprimento dos requisitos da convocatoria ou supostos de falsidade na instancia presentada para tomar parte no proceso selectivo, dará lugar á invalidez das actuacións do aspirante, e xa que logo, a nulidade dos actos do Tribunal en relación co aspirante e a imposibilidade de efectuar a súa contratación, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades nas que puidese ter incorrido. Neste caso, a proposta considerarase feita a prol do aspirante que, segundo á orde de puntuación obtida, teñan cabida no número de posto/s convocado/s; todo elo como consecuencia da citada anulación.

### **DÉCIMA.-DESIGNACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.**

1.- Presentada a documentación polo/s interesado/s, e sendo a mesma conforme, o Sr. Alcalde procederá á designación do/s aspirante/s seleccionado/s e ordenará a formalización do/s correspondente/s contrato/s de traballo, para o que será necesario previamente comunicar o número de afiliación á Seguridade Social.

2.- Mentres non se formalice o contrato e non se produza a incorporación ao posto de traballo, non se terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

3.- Quen sen causa xustificada non concorrese a formalizar o contrato na data sinalada, perderá tódolos dereitos derivados da superación das probas selectivas.

4.- Dada a peculiaridade da presente contratación, que como xa se dixo trae causa nun convenio de colaboración no que se esixe a creación dunha brigada cunha serie de características (5 membros, unha determinada composición: xefe de brigada, peón condutor e tres peóns ...), fai necesario condicionar a formalización do contrato de traballo a que a brigada se constituía e /ou poda constituír coas características esixidas.

### **UNDÉCIMA.-INCIDENCIAS.**



## CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

1.-A aprobación das bases da convocatoria e os actos administrativos que se sucedan poderán ser recorridos polos interesados nos casos e do xeito establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

2.-Para o non previsto nestas Bases, será de aplicación a Lei 7/1985, do 2 de abril, o Real Decreto Lexislativo 781/86, do 18 de abril e o Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo e o Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro e demais a normativa aplicación.

3.- No caso de quedar deserto o proceso selectivo por non o superar ningún aspirante ou por non presentarse ningún ao proceso ou no caso que non se cubran o número de prazas convocadas, o Sr. alcalde queda autorizado a convocalo novamente tantas veces fose necesario, de conformidade coas presentes bases.

### **NORMAS FINAIS**

**Primeira:** Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante.

**Segunda:** Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses (contado desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria).

Con carácter potestativo e previo, poderá interpor recurso de reposición ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo dun mes (contado desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recursos de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que considere procedente.

---





## CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

### Prueba del banco. Coeficiente de salud para hombres

Pulsaciones durante 15 sg.	44	33	33	33	33	33	32	32	32	32	32	32	32	
	44	34	34	34	34	33	33	33	33	33	33	33	33	
	43	35	35	35	34	34	34	34	34	34	34	34	34	
	42	36	35	35	35	35	35	35	35	35	35	35	35	
	41	36	36	36	36	36	36	36	36	36	36	36	36	
	40	37	37	37	37	37	37	37	37	37	37	37	37	
	39	38	38	38	38	38	38	38	38	38	38	38	37	37
	38	39	39	39	39	39	39	39	39	39	39	39	38	38
	37	41	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40	39	39
	36	42	42	41	41	41	41	41	41	41	41	41	40	40
	35	43	43	42	42	42	42	42	42	42	42	42	42	41
	34	44	44	43	43	43	43	43	43	43	43	43	43	43
	33	46	45	45	45	45	45	44	44	44	44	44	44	44
	32	47	47	46	46	46	46	46	46	46	46	46	46	46
	31	48	48	48	47	47	47	47	47	47	47	47	47	47
	30	50	49	49	49	49	48	48	48	48	48	48	48	48
	29	52	51	51	51	50	50	50	50	50	50	50	50	50
	28	53	53	53	53	52	52	52	52	52	51	51	51	51
	27	55	55	55	54	54	54	54	54	54	53	53	53	52
	26	57	57	56	56	56	56	56	56	56	55	55	54	54
25	59	58	58	58	58	58	58	58	58	56	56	55	55	
24	60	60	60	60	60	60	60	59	59	58	58	57		
23	62	62	61	60	61	61	61	60	60	60	59			
22	64	64	63	63	63	63	62	61	61	61				
21	66	66	65	65	65	64	64	64	62					
20	68	68	67	67	67	67	66	66	65					
	60	65	70	75	80	85	90	95	100	105	110	120	130	
	Peso corporal (kg)													



## CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

### Prueba del banco. Coeficiente de salud para mujeres

Pulsaciones durante 15 sg.	45									29	29	29
	44								30	30	30	30
	43								31	31	31	31
	42			32	32	32	32	32	32	32	32	32
	41			33	33	33	33	33	33	33	33	33
	40			34	34	34	34	34	34	34	34	34
	39			35	35	35	35	35	35	35	35	35
	38			36	36	36	36	36	36	36	36	36
	37			37	37	37	37	37	37	37	37	37
	36		37	38	38	38	38	38	38	38	38	38
	35	38	38	39	39	39	39	39	39	39	39	39
	34	39	39	40	40	40	40	40	40	40	40	40
	33	40	40	41	41	41	41	41	41	41	41	41
32	41	41	42	42	42	42	42	42	42	42	42	
31	42	42	43	43	43	43	43	43	43	43	43	
30	43	43	44	44	44	44	44	44	44	44	44	
29	44	44	45	45	45	45	45	45	45	45	45	
28	45	45	46	46	46	47	47	47	47	47	47	
27	46	46	47	48	48	49	49	49	49	49		
26	47	48	49	50	50	51	51	51	51			
25	49	50	51	52	52	53	53					
24	51	52	53	54	54	55						
23	53	54	55	56	56	57						
	40	45	50	55	60	65	70	75	80	85	90	95

Peso corporal (kg)



## CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

**Tabla de capacidad aeróbica ajustada a la edad**

Coeficiente de salud.	72	76	73	72	71	69	68	66	64	62	60	58
	71	75	72	71	70	68	67	65	63	61	59	57
	70	74	71	70	69	67	66	65	62	60	58	56
	69	72	70	69	68	66	65	64	61	59	57	55
	68	71	69	68	67	65	64	63	61	59	57	54
	67	70	68	67	66	64	63	62	59	58	56	54
	66	69	67	66	65	63	62	61	58	57	55	54
	65	68	66	65	64	62	61	60	58	56	54	53
	64	67	65	64	63	61	60	59	57	55	53	52
	63	66	64	63	62	60	59	58	56	54	52	51
	62	65	63	62	61	59	58	57	55	53	51	50
	61	64	62	61	60	58	57	56	54	53	51	50
	60	63	61	60	59	57	56	55	53	52	50	49
	59	62	60	59	58	56	55	54	53	51	49	48
	58	61	59	58	57	55	54	53	52	50	48	47
	57	60	58	57	56	54	53	52	52	49	47	46
	56	59	57	56	55	53	52	51	50	48	46	46
	55	58	56	55	54	52	51	50	49	47	46	45
	54	57	55	54	53	51	50	49	48	46	45	44
	53	56	54	53	52	50	49	48	47	46	44	43
	52	55	53	52	51	49	48	47	46	45	43	42
51	54	52	51	50	48	47	46	45	44	42	41	
50	53	51	50	49	47	46	45	45	43	42	40	
49	51	50	49	48	46	45	44	44	42	41	39	
48	50	49	48	47	45	44	43	43	41	40	38	
47	49	48	47	46	44	43	42	42	40	39	38	
46	48	47	46	45	43	42	41	41	40	38	37	
45	47	46	45	44	42	41	40	40	39	37	36	
44	46	45	44	43	41	40	39	39	38	37	35	
43	45	44	43	42	40	39	38	38	37	36	34	
42	44	43	42	41	39	38	37	37	36	35	33	
41	43	42	41	40	38	37	36	36	35	34	32	
40	42	41	40	39	37	36	35	35	34	33	31	
39	41	40	39	38	36	35	34	34	33	32	30	
38	40	39	38	37	35	34	33	33	32	31	29	
37	39	38	37	36	34	33	32	32	31	30	28	
36	38	37	36	35	33	32	31	31	30	28	27	
35	37	36	35	34	32	31	30	30	29	27	26	
34	36	35	34	33	31	30	29	29	28	26	25	
33	35	34	33	32	30	29	28	28	27	25	24	
32	34	33	32	31	29	28	27	26	25	24	23	
31	33	32	31	30	28	27	26	25	24	23	22	
30	32	31	30	29	27	26	25	24	23	22	21	
	15	20	25	30	35	40	45	50	55	60	65	
	<b>Edad mas próxima</b>											

verificación garantiza, mediante el cotejo en la sede electrónica municipal, la integridad del documento (artículo 42.b de la Ley 40/2015, del 1 de octubre, do Régimen Jurídico del Sector Público).



**CONCELLO DE CAMARIÑAS**  
**A CORUÑA**

**MODELO DE SOLICITUDE (ANEXO I)**

**DATOS PERSOAIS DO SOLICITANTE**

1º APELIDO:	2º APELIDO:	NOME:	
D.N.I./N.I.E./PASAPORTE Nº:	DATA DE NACEMENTO:	NACIONALIDADE:	
NÚMERO DE AFILIACIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL			
ENDEREZO:	C.P.:	LOCALIDADE:	PROVINCIA:
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:		TELÉFONO 1:	TELÉFONO 2:

**EXPOÑO:**

Á vista da convocatoria para a contratación mediante concurso-oposición, de tres peóns da brigada de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Camariñas, brigada que se crea ao abeiro do "Convenio interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Camariñas para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2019 cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020" e DECLARANDO reunir todas e canda unha das condicións que se esixen na base terceira da convocatoria, e co coñecemento e expresa aceptación de tódolos termos da mesma,

**SOLICITA:**

A participación no proceso selectivo de referencia de conformidade coas bases da convocatoria.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA**

--

**DATA E SINATURA DO SOLICITANTE**

En Camariñas, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2019

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CAMARIÑAS**



**CONCELLO DE CAMARIÑAS**  
**A CORUÑA**

**DECLARACIÓN RESPONSABLE (ANEXO II)**

D/DNA \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_

**DECLARO BAIXO A MIÑA REPONSABILIDADE QUE:**

**Reúno as condicións físicas e sanitarias necesarias e suficientes para a realización dos exercicios físicos que figuran especificados na correspondente proba da oposición do procedemento de selección para a contratación polo sistema de concurso-oposición, de tres peóns da brigada de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Camariñas**, brigada que se crea ao abeiro do "Convenio interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Camariñas para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2019 cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020"

En Camariñas, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2019

(Sinatura do solicitante)".

**Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Alcaldesa D<sup>a</sup> Sandra Insua Rial.**